



ADDENDA AO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN MONFORTINA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “AMPLIACIÓN E REFORMA DO LOCAL SOCIAL” NA ANUALIDADE 2020, (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 20 DE OUTUBRO DE 2020)

ADDENDA APROBADA POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA _____

En Lugo, a ____ de _____ de 2020

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don Fermin Ángel Avellaneda Vázquez con DNI ***4543**, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN MONFORTINA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL, en adiante beneficiario, con CIF G27209949 e con sede social en Estación Renfe - Monforte de Lemos (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro.- Que por resolución presidencial, de data 20 de outubro de 2020, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter excepcional outorgada, por importe de 10.516,66€, a favor do beneficiario, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Ampliación e reforma do local social”, na anualidade do 2020.

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade ASOCIACIÓN MONFORTINA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Ampliación e reforma do local social”, na anualidade 2020, formalizouse o 29 de outubro de 2020.

Terceiro.- O 16 de decembro de 2020 o representante da ASOCIACIÓN MONFORTINA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL remitiu, á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, un escrito no que solicita, en relación á actuación “Ampliación e reforma do local social”, obxecto de subvención, unha prórroga na execución do proxecto ata o 31 de marzo de 2021, ao non poder executar a actuación no ano 2020, debido a diversos impedimentos.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:



CLÁUSULAS:

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula sétima (Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 29 de outubro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

“Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2020, e ata o 31 de marzo de 2021.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexистраis, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes, acordan incorporar ao convenio suscrito con data 29 de outubro de 2020, esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente, que consta de 2 páxinas numeradas, da que como Secretaria dou fe.

“O PRESIDENTE,

O representante da ASOCIACIÓN MONFORTINA
DE AMIGOS DEL FERROCARRIL

Asdo.: José Tomé Roca”

Asdo.: Fermin Ángel Avellaneda Vázquez

A SECRETARIA XERAL,

Asdo.: María Esther Álvarez Martínez